



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 28 DE DECEMBRO DO 2017.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretaria acctal.: D^a. María Sieira Ríos Membros que non asisten: D. Víctor Reiriz Lampón D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a María Esther Patiño Rey
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de decembro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Non se presenta ningunha acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 28/12/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2017 – 000053
Importe total	323.120,71 €
Número de facturas	259
1ª factura.	
Emisor (Cif)	47383626S
Importe	1.710,00 €
Última factura	
Emisor (Cif)	R1500069H
Importe	220,80 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	26/12/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición de novo mobiliario para a planta baixa da Casa do Concello por mor das obras de remodelación levadas a cabo recentemente		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ACEROFFICE, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ACEROFFICE, S.L.			
NIF/CIF:	B70441001			
Importe (IVE Incluído):	21.760,57 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	28/12/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aluguer de carpa de 10x30 m a instalar no Paseo do Malecón, cunha capacidade de +- 500 persoas, co motivo da celebración da Noitevella		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CARYPALBO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	CARYPALBO, S.L.			
NIF/CIF:	B36253912			
Importe (IVE Incluído):	2.178,00 €			
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2018			



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	26/12/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Inserción dun publirreportaxe dun cuarto de páxina na edición “Feiral 2018” que a revista Hostelería Galega & Turismo vai a publicar en xaneiro co fin de divulgar os recursos turísticos máis importantes do Concello de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PORTAL LITERARIO 2020, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PORTAL LITERARIO 2020, S.L.			
NIF/CIF:	B158986661			
Importe (IVE Incluído):	423,50 €			
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2018			

Nº Proposta		4	Data	18/12/2017
SERVIZO/CONCELLERIA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de bedelería para as instalacións municipais adscritas á área de cultura (Auditorio, C.C. Lustres Rivas, Sala Museo,...) - 1.400 horas durante o ano 2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PROPERDIS E.I.L., S.L.U.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PROPERDIS E.I.L., S.L.U.			
NIF/CIF:	B70271614			
Importe (IVE Incluído):	13.535,06 €			
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2018			

Nº Proposta		5	Data	17/12/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Posta en funcionamento do novo programa comunitario denominado “Almorzos Solidarios 2018”, para dar continuidade á actividade que viña realizando a entidade Cáritas garantindo as necesidades de alimentación a moitas persoas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L.			
NIF/CIF:	B70378849			
Importe (IVE Incluído):	17.885,59 €			
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2018			





ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

ACHEGA CONCEDIDA Á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Visto o informe emitido pola traballadora do Concello de Riveira adscrita á área de cultura, Montserrat Iglesias Senra, de data 21/12/2017, en relación ao convenio de colaboración (de cesión temporal de espazo público para o desenvolvemento da Feira do Libro) celebrado entre o Concello de Riveira e a Federación de Libreiros de Galicia, relativo á aportación do concello para a organización da Feira do Libro de Riveira para o ano 2017, asinado en data 30/03/2017.

Visto o informe de fiscalización emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 21/12/2017.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración (de cesión temporal de espazo público para o desenvolvemento da Feira do Libro) celebrado entre o Concello de Riveira e a Federación de Libreiros de Galicia, relativo á aportación do concello para a organización da Feira do Libro de Riveira para o ano 2017, asinado en data 30/03/2017, resultando o seu importe: 6.000,00 €

III.- CONTRATACIÓN.

1.- PRÓRROGA DO CONTRATO ASINADO CON “OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.” PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS, DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA (ACS) DE TÓDOLOS CENTROS DE EDUCACIÓN DE INFANTIL E PRIMARIA DE TITULARIDADE PÚBLICA RADICADOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIVEIRA, ASÍ COMO DO AUDITORIO E DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS, AMBOS DE PROPIEDAD MUNICIPAL”.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 23/12/2015, acordou adxudicar o contrato para a prestación do “Servizo de conservación, reparación e mantemento das instalacións térmicas, de calefacción e auga quente sanitaria (ACS) de tódolos Centros de Educación de Infantil e Primaria de titularidade pública radicados no termo municipal de Riveira, así como do Auditorio e do campo de fútbol de Oleiros, ambos de propiedade municipal” á empresa “Obras y Servicios Lijó, S.L.” (CIF B15970692).





O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 30/12/2015 para unha duración de dous (2) anos, contados a partir da data da sinatura do mesmo.

Rexen no contrato o Prego de prescricións técnicas e o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 15/10/2015.

De acordo coa cláusula "C" do contrato, en relación coa cláusula 4 do Prego de cláusulas administrativas particulares, *"...O contrato poderá prorrogarse con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas. Cada unha das prórrogas terá a duración de un ano... Por conseguinte a duración máxima que poderá alcanzar o contrato será de catro (4) anos, computando o período inicial máis as dúas prórrogas..."*

Con data 22/12/2017 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número 20.001, un escrito da empresa contratista solicitando a prórroga do contrato.

Con data 22/12/2017 emitíuse informe favorable á solicitude de prórroga do contrato por un ano, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira como responsable do contrato.

Con data 26/12/2017, o interventor accidental Jorge González Mariño emitíu informe favorable á prórroga.

Vistos os antecedentes citados,


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

Prorrogar polo período de un ano o contrato asinado coa empresa "OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L." (NIF B15970692) para a prestación do "Servizo de conservación, reparación e mantemento das instalacións térmicas, de calefacción e auga quente sanitaria (ACS) de tódolos Centros de Educación de Infantil e Primaria de titularidade pública radicados no termo municipal de Riveira, así como do Auditorio e do campo de fútbol de Oleiros, ambos de propiedade municipal".

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA DO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE.

O centro de interpretación e demais instalacións existentes no parque periurbano de San Roque conta, na actualidade, cunha acometida eléctrica realizada de maneira irregular que é preciso corrixir canto antes segundo as indicacións establecidas pola compañía subministradora de enerxía eléctrica.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xaneiro/2017, realizou unha valoración dos traballos a realizar, por un prezo total de





licitación de 60.353,49 euros (Base: 49.878,92 euros; IVE 21%: 10.474,57 euros), sendo o prazo de execución das obras de 2 meses.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 13/12/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 28/12/2017 (número de operación 2017 22025072), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 336.60901.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Vistos os artigos 110 e 111 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**





PRIMEIRO.- Aprobar a valoración dos traballos a realizar redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, para a **ACOMETIDA ELÉCTRICA DO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE**, por un prezo total de licitación de 60.353,49 euros (Base: 49.878,92 euros; IVE 21%: 10.474,57 euros), sendo o prazo de execución das obras de 2 meses

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 336.60901.

CUARTO.- Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27/12/2017 **“Decreto: Adjudicación de los Servicios de asistencia técnica para el apoyo, gestión y seguimiento de las actividades y proyectos, así como para la comunicación, información y publicidad de la estrategia DUSI “Más Riveira Atlántica 2020””**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Visto o escrito remitido pola **Demarcación de Costas en Galicia – Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar**, de data 13/12/2017 (Rexistro de saída nº 20170990026523 de data 22/12/2017), rexistrado de entrada en data 22/12/2017 co nº 20063, no comunica a existencia dunha construción ruínosa sita en A Covasa – Aguiño (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda.

1. Que se proceda ao inicio do correspondente expediente de ruína e á adopción das oportunas medidas de seguridade na referida construción.
2. Dar traslado ao Departamento de Urbanismo.
3. Notificar este acordo á Demarcación de Costas en Galicia

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretaria acctal., dou fe e certifico.

Riveira, vinte e oito de decembro de 2017

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, a secretaria acctal.

María Sieira Ríos